

# COMEGAL, S.L. (Construcciones Mecánicas de Galicia, S.L.)



*“Os nosos clientes son empresas do sector auxiliar do automóbil”  
Alejandro Argundín Vázquez*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Empresa de mecanizado
<b>Sector de actividade</b>	Fabricación de produtos diversos
<b>Nº empregados</b>	11
<b>Inversión inicial</b>	99.170 €
<b>Financiamento inicial:</b>	Fondos propios: 45.100 € Empréstito: 42.100 € Crédito: 12.000 €
<b>Web:</b>	<a href="http://www.comegal.com">www.comegal.com</a>
<b>Municipio</b>	Vigo, Pontevedra
<b>Ano creación:</b>	1998

## Descrición do proxecto

Trátase no seu comezo dunha empresa de mecanizado dedicada á construción de equipos de control dimensional de precisión: calibres, maquetas de montaxe e equipos complementarios. O primeiro ano foi necesario equipar unha nave coa maquinaria precisa para poder acometer os primeiros encargos: cizalla, rectificadora, torno, fresa e equipos de metroloxía. Ampliamos no segundo ano as instalacións produtivas cun centro de mecanizado CNC e un centro de fresado e torneado de pezas.



## Datos empresa

### Claves do éxito


Tras un duro comezo, realizouse unha necesaria reestructuración societaria no ano 2.002, que derivou nunha importantísima mellora en todos os aspectos da empresa. Así Comegal S.L. nos últimos anos conseguiu evolucionar co mercado diversificando a súa produción de cara a lograr unha maior satisfacción das necesidades dos seus clientes, cumprindo requirimentos tanto técnicos como de calidade e prazo. Todo iso foi acompañado dunha considerable ampliación do cadro de persoal, potenciando a contratación de técnicos cualificados e dominando a filosofía da creación de emprego estable. Foi tamén moi importante a fidelización dos nosos clientes grazas unha relación de colaboración cos mesmos e de desenvolvemento conxunto. no trato cos nosos provedores. Esta relación de colaboración tamén está presente pechando o cerco de produción. Así mesmo foi fundamental a calidade e a seriedade como un punto clave na filosofía de empresa.

### Situación actual

A evolución dos últimos anos levou a crear unha oficina técnica propia e ampliar o parque de maquinaria para dotar así á empresa da última tecnoloxía de mecanizado. Así mesmo é moi recente o traslado a unhas novas instalacións que permitiron potenciar este sólido crecemento e favorecen o acceso a novos sectores e clientes.

### Perfil cliente

Os nosos clientes inicialmente foron empresas do sector auxiliar do automóbil, fabricantes de conxuntos ou pezas en serie que necesitaban de medios de control dimensional, que garantisen as dimensións das pezas e facilitasen a súa montaxe posterior en conxuntos. Actualmente e grazas á diversificación dos nosos produtos introducímonos tamén en diferentes sectores que precisan de utillaxe e pezas mecanizadas moi variadas, cuños, pezas de aspecto, moldes, matrices, etc. e incluso pequenas máquinas para usos específicos.



## Idea inicial

Comegal S.L. é unha empresa que nace da iniciativa de profesionais cunha ampla experiencia no sector do mecanizado. A inquedaanza destes profesionais levounos a emprender no 1998 a arriscada aventura de crear unha nova empresa que se dedicase ao campo que mellor coñecían: o mecanizado destinado principalmente á empresa auxiliar do automóbil.

## Principales dificultades y amenazas futuras

As dificultades actuais e futuras centranse na dura competencia que existe no sector, dominado por empresas de moita maior envergadura. Así mesmo existe o actual problema das formas e prazos de cobramento aos clientes, que son impostas polos mesmos e que seguen unha tendencia de prazos cada vez maiores e supoñen un importante custo financeiro. Como ameazas futuras, debemos considerar tamén o acceso de países produtores de baixo custo aos nosos mercados, así como a posible fuga de operarios a outras empresas do sector.

## Perfil promotores

Alejandro Argudín ten estudos de Enxeñería Técnica Industrial e aporta experiencia previa na empresa Precisións de Galicia, S.L., desenvolvendo diferentes labores e postos na mesma.

A empresa conta con dous socios máis.

## Aptitudes necesarias

A determinación de levar un proxecto propio a bo fin, así como a capacidade de traballar en equipo e anticiparse aos cambios do mercado. Tamén resulta fundamental a organización, tanto a nivel persoal como de grupo.



## Guía de Actividad

**Talleres de mecanizado** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón**

**A independencia que proporciona  
Ser o meu propio xefe**

### Formación

**¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

A obtida a través do Programa Lanza e Emprendedores

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si, dado que a inexperiencia no mundo da xestión empresarial é un handicap á hora de explotar ao máximo as oportunidades que ofrece o mercado.

### Anecdótico

Non dispoñible

